



educonvives.gal

PROTOCOLO EDUCATIVO
PARA GARANTIR A
IGUALDADE, A NON
DISCRIMINACIÓN E A
LIBERDADE DE
**IDENTIDADE DE
XÉNERO**

www.educonvives.gal



XUNTA DE GALICIA

PROTOCOLO
EDUCATIVO PARA
GARANTIR A
IGUALDADE, A NON
DISCRIMINACIÓN E A
LIBERDADE DE
**IDENTIDADE DE
XÉNERO**

**PROTOCOLO EDUCATIVO PARA GARANTIR A IGUALDADE, A NON
DISCRIMINACIÓN E A LIBERDADE DE IDENTIDADE DE XÉNERO**

Autores: Varios

Edita: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Depósito Legal: C 2123-2017

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	3
2. FUNDAMENTACIÓN	4
3. MEDIDAS E ACTUACIONES	7
3.1 Comunicación aos centros	7
3.2 Os departamentos de orientación	7
3.3 Establecemento das medidas de atención ás necesidades do/a menor	9
3.4 Recomendacións educativas e organizativas en relación co xénero que o/a menor sente como propio	10
3.5 Medidas para a información e formación da comunidade educativa	12
3.6 Medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero	13
4. REFERENCIA NORMATIVA	15
5. BIBLIOGRAFÍA E LIGAZÓNS DE INTERESE	17

1. INTRODUCCIÓN

A escola cumpre unha función social moi importante na formación integral das persoas, nun momento especialmente sensible do desenvolvemento infantil e xuvenil. Neste senso, educar no respecto á diversidade afectivo-sexual forma parte inherente da formación integral da infancia, ligada a valores clave como son a igualdade, a pluralidade, a diferenza e o respecto. A diversidade é unha realidade tanxible que se vive na escola e é, polo tanto, un valor positivo que se debe aprender desde as etapas iniciais do sistema educativo. Así pois, a escola ha de ser verdadeiramente inclusiva, debe constituír un pilar fundamental na erradicación da transfobia e, polo tanto, un espazo onde se ten que respectar a identidade de cada persoa e onde o feito trans non cause rexeitamento. Son realidades que han de ser percibidas e vividas de maneira cotiá e habitual como un aspecto máis da diversidade humana e tamén como unha oportunidade de desenvolvemento e aprendizaxe común de toda a comunidade educativa, como parte importante da sociedade.

Co obxectivo de garantir a igualdade de trato e combater a discriminación por razóns de diversidade afectivo-sexual e identidade sexual, publícase a **Lei 2/2014**, que inclúe a mención expresa á eliminación de calquera indicio de discriminación que poidamos apreciar no sistema educativo, entre outras, por razóns de identidade de xénero.

Para facilitar unha resposta unánime que garanta o dereito á identidade de xénero, póñense á disposición dos centros educativos estas medidas tendentes a guiar as actuacións en materia organizativa e de resposta do sistema educativo. Non obstante, cada centro deberá establecer no seu plan de convivencia as medidas particulares que sexan necesarias para garantir o libre exercicio da identidade sexual de todos os membros da comunidade educativa. Atenderanse particularmente os menores de idade, independentemente de que todas as normas, medidas e actuacións previstas no plan de convivencia e nas normas de organización e funcionamento do centro se redacten cunha perspectiva de xénero que garanta a diversidade afectivo-sexual e a identidade sexual.

2. FUNDAMENTACIÓN

Toda persoa é clasificada no momento do nacemento como home ou muller o cal, nas persoas transexuais, xera un conflito ao estar clasificadas dentro dun sexo que non perciben como propio.

Algúns termos de interese a este respecto son:

- ▶ **Expresión de xénero:** formas de manifestar o xénero dunha persoa, que se manifesta nas maneiras de falar, mostrarse ante outras persoas, vestirse, a elección de xoguetes ou as actividades que prefire.
- ▶ **Identidade de xénero:** é o sentimento íntimo de identificación como home ou muller, independentemente dos xenitais ou a dotación cromosómica que a persoa posúa.
- ▶ **Identidade rexistral:** é a que se fai no momento do nacemento.
- ▶ **Transexualidade (Trans*):** é a situación na que se atopan as persoas cuxa identidade rexistral non coincide coa súa identidade de xénero.
- ▶ **Cissexualidade:** é a situación na que se atopan as persoas nas que as súas identidades, rexistral e de xénero, son coincidentes.
- ▶ **Orientación sexual:** é a atracción emocional, romántica, sexual ou afectiva cara a outras persoas.

É importante destacar que a condición de persoa transexual non é deliberada ou caprichosa. Tampouco é un trastorno mental nin do comportamento. É unha **condición coa que se nace**, que pode manifestarse a partir dos dous anos e medio, pola que o sexo sentido ou psicolóxico, que é o que realmente determina a identidade, non coincide co fisiolóxico ou aparente.

É, polo tanto, un **fenómeno biolóxico innato**, dado que o cerebro é un órgano sexuado cuxo criterio prima sobre todos os demais órganos, mesmo os sexuais e reprodutivos. A identidade de xénero tamén reside no cerebro, **formándose arredor dos 3-4 anos de idade**. Unha vez determinada é irreversible e invariable.

No caso de moitos menores cunha identidade de xénero diferente da asignada no nacemento, xa desde a primeira infancia empezan a sufrir unha incomodidade e incluso un malestar intenso co seu corpo e coa forma na que son percibidos pola súa familia e contorna. A identidade de xénero de cada persoa é vivida de forma única e individualizada, polo que non podemos abordar esta cuestión desde a homoxeneidade. Algunhas persoas verbalizan as súas inquedanzas desde ben novos en tanto que outras prefiren ocultalo ante a sospeita ou certeza de que a súa contorna non lle facilita esta expresión. Do mesmo xeito, as necesidades de apoio e acompañamento, tanto educativas como organizativas, serán diferentes en cada persoa.

A manifestación en menores de desconformidade coa súa identidade de xénero pode supoñer, en determinados casos, unha situación de especial vulnerabilidade e chegar a provocar problemas como o rexeitamento social ou mesmo acoso por parte dos compañeiros e das compañeiras, que incide nas experiencias educativas.

Estas situacións poden desembocar en abandono escolar temperán ou en non acadar os obxectivos e resultados de aprendizaxe correspondentes, coa conseguinte repercusión negativa no futuro persoal e profesional, para un colectivo de persoas que son xa vulnerables á exclusión do mercado laboral. As dificultades ás que poden enfrontarse as persoas transexuais aconsellan xerar actuacións que permitan o seu desenvolvemento integral no ámbito educativo, contando coa comunidade educativa (familias, estudantes, profesorado e outros profesionais do ámbito da infancia e a mocidade) para evitar posibles situacións de rexeitamento ou discriminación.

A educación afectivo-sexual, nomeadamente no relativo á identidade sexual, así como a diversidade sexual, son disciplinas necesarias no ámbito educativo, polo cal é imprescindible proporcionar información e formación a toda a comunidade educativa, e favorecer entre o alumnado a aprendizaxe e a práctica de valores baseados no respecto ás diferenzas e na tolerancia á sexualidade, co fin de evitar situacións incómodas, humillantes e incluso acoso ou transfobia cara ao alumnado trans*.

3. MEDIDAS E ACTUACIÓNS

3.1 Comunicación aos centros

- ▶ Cando un alumno ou unha alumna, ou os seus representantes legais, no caso de menores de idade non legalmente emancipados, manifesten mediante comunicación escrita ao centro educativo unha identidade de xénero diferente daquela que lle foi asignada no nacemento e, polo tanto, na documentación civil, tomaranse as medidas necesarias para garantirle os dereitos que lle asisten, así como un axeitado proceso de acompañamento e apoio no ámbito educativo.

Para tal fin o equipo directivo trasladará inmediatamente esta información á xefatura do departamento de orientación para que se analice o caso e se activen os recursos que puidesen ser necesarios en materia de orientación e apoio, dentro da atención á diversidade e en atención ao principio de inclusión.

- ▶ Cando os servizos de saúde realicen a valoración neste senso dunha persoa menor de idade escolarizada, a través da familia e co seu consentimento, poderá remitir ao centro educativo aquela información e orientacións que estime oportunas en materia de saúde biopsicosocial e que considere relevantes no contexto educativo. Ademais poderá iniciar, sempre de acordo coa familia, procesos de coordinación.

3.2 Os departamentos de orientación

- ▶ Os departamentos de orientación que reciban información dun alumno ou dunha alumna, ou dos seus representantes legais ou dun deles cando o outro non faga manifestación expresa en contra, no caso de seren menores ou maiores de idade

legalmente incapacitados, dunha situación de identidade de xénero diferente da asignada no nacemento, facilitará nun primeiro momento orientacións sobre:

- A comunicación da situación á dirección do centro (sempre por escrito), para activar as medidas que sexan procedentes en cada caso.
- Aqueles recursos sociais e sanitarios que están ao seu dispor, no caso de que a familia ou a persoa interesada precisen apoio ou axuda neste ámbito.

Así mesmo realizará, co consentimento da familia nos casos pertinentes, o proceso de avaliación psicopedagóxica mediante o cal poderán detectar as posibles necesidades educativas, que plasmará no correspondente informe psicopedagóxico. Este informe recollerá as orientacións de atención á diversidade axeitadas (dirixidas tanto ao/á alumno/a como aos restantes membros da comunidade educativa á que pertence) de acordo coa normativa en atención á diversidade, ao plan de convivencia do centro e ás orientacións nesta materia.

- ▶ Cando un/unha alumno/a menor de idade e non emancipado/a comunique esta situación ao centro sen coñecemento da súa familia ou representantes legais, o centro educativo facilitaralle ao dito alumno/a o seu apoio e mediación na comunicación coa familia (ou representantes legais), así como o acceso aos recursos sociais e sanitarios que correspondan.
- ▶ Cando na actitude da familia, ou representantes legais, ou dalgún membro da comunidade escolar, se detecten claramente indicadores de maltrato cara á identidade de xénero do/a menor, activaranse as actuacións previstas con carácter xeral nos instrumentos de convivencia do centro (plan de convivencia e normas de organización e funcionamento) e, se é o caso, nos protocolos de atención ao maltrato infantil.
- ▶ Sen prexuízo da aplicación inmediata das medidas anteriores, os responsables da orientación no centro, conxuntamente co profesorado, adoptarán medidas para a

información e formación dirixidas á comunidade educativa previstas no apartado 3.5 coa finalidade de que o/a menor poida desenvolverse nun ambiente e contexto libre de prexuízos e que promova a paz social, con particular énfase no coñecemento e respecto pola realidade transexual.

3.3 Establecemento das medidas de atención ás necesidades do/a menor

- ▶ Se calquera membro do persoal docente observa nun/ha alumno/a, manifestacións ou comportamentos repetidos e prolongados no tempo que revelen unha expresión de xénero ou identidade sexual que puidese non coincidir co sexo asignado ao nacer, sen que os seus representantes legais advertisen nada ao respecto, debe informar a dirección do centro. A dirección, conxuntamente co titor ou titora, e co apoio do departamento de orientación, establecerá unha xuntanza cos representantes legais do ou da menor que abordará a situación percibida, poñéndose á disposición das familias para a achega de toda a información necesaria para abordar esta situación de diversidade.
- ▶ Unha vez realizada a manifestación expresa ao centro educativo, e realizado o informe psicopedagógico, a dirección do centro establecerá unha reunión de coordinación co alumnado e cos seus representantes legais, se os tiver, coa xefatura do departamento de orientación e co/coa titor/a do alumno ou da alumna. Nesta reunión, conxuntamente, e dando a mellor resposta posible ás necesidades específicas de apoio educativo no marco do plan de convivencia do centro e, de acordo con estas orientacións, estableceranse as medidas organizativas de aceptación/respecto no centro e de atención que se precisen, que serán adoptadas en exclusivo interese do menor.
Se algún dos representantes legais do menor non emancipado se opuxese á

adopción das medidas anteriores, a dirección tomará as medidas precisas que garantan o respecto ao interese superior do menor.

- ▶ Unha vez establecidas estas medidas, daráselles traslado do seguinte xeito:
 - **A persoa titora** trasladará ao equipo docente aquelas cuestións de relevancia para o exercicio das súas funcións.
 - **En reunión de claustro** comunicaranse a este todas aquelas medidas que afecten o total de docentes do centro.
 - **A secretaría do centro**, por delegación da dirección, trasladará a información estritamente necesaria ao persoal non docente.

3.4 Recomendacións educativas e organizativas en relación co xénero que o/a menor sente como propio

Con independencia de todas aquelas medidas e actuacións que se deriven da avaliación psicopedagóxica e da coordinación mencionada, establécense as seguintes recomendacións xerais:

- ▶ De acordo cos principios de igualdade e inclusión, **non se realizarán no centro actuacións diferenciadas por sexo**, e se por algunha causa concreta e plenamente xustificada esta diferenciación fose necesaria, terase sempre en conta a identidade de xénero manifestada e coa que o alumno ou a alumna se sente identificado.
- ▶ **A comunidade educativa dirixirase ao alumnado polo nome que se acorde na coordinación establecida entre a dirección, a titoría, o departamento de orientación e o/a alumno/a** (ou representantes legais). Tamén se utilizará este nome naquela documentación non regulamentada legalmente e en todas aquelas comunicacións formais e informais que non teñan efectos administrativos ou

xurídicos, en tanto non se proceda á modificación dos datos rexistrados e se acredite o dito cambio de xeito inequívoco.

- ▶ Facilitaráselle ao/á alumno/a o acceso aos **vestiarios e aseos correspondentes ao xénero co que se sente identificado** cando existan unicamente espazos diferenciados, e poñeranse en marcha as medidas organizativas que se estimen.
- ▶ Garantirase o seu **dereito a elixir a propia imaxe**, e a adaptar esta, tanto no vestir como en calquera outro aspecto, ao xénero que sente como propio, incluídos os uniformes escolares, se procede.
- ▶ Garantirase a **difusión da realidade sobre a identidade de xénero** entre a comunidade educativa.
- ▶ En todo o proceso actuarase de acordo co **dereito á privacidade e honra** do estudantado e de todos os membros da comunidade educativa.
- ▶ Para os efectos de determinar as actuacións e forma de proceder, tanto no relativo ao tránsito (decisión de mostrarse socialmente conforme o sexo sentido como propio), como en calquera outra situación que puidese sobrevenir, observarase o acordado na reunión de coordinación realizada entre a dirección do centro, o/a menor transexual, os seus representantes legais, de ser o caso, o departamento de orientación e o titor ou titora do alumno ou alumna. En todo caso, o menor será sempre informado e consultado, e terase en especial consideración a súa opinión, facilitándolle o sentirse cómodo e salvagardado.

3.5 Medidas para a información e formación da comunidade educativa

Co obxecto de facilitar o traslado de información e concienciación sobre unha situación de identidade de xénero que non coincide coa asignada no nacemento, especialmente naqueles casos nos que se produce unha transición patente para a comunidade educativa, realizaranse progresivamente **guías didácticas, folletos informativos ou calquera outro material educativo, e formación específica** que poidan ser utilizados por toda a comunidade educativa.

Ademais establécense as seguintes recomendacións xerais:

- ▶ Realizar actuacións de información e sensibilización sobre diversidade sexual e de xénero dirixidas ao alumnado, con especial atención ao recoñecemento e normalización da realidade transexual, incluíndo actividades de autoconecemento, coñecemento mutuo, empatía, aprecio e comunicación para favorecer a cohesión do grupo.
- ▶ Realizar actuacións formativas dirixidas aos equipos directivos, orientadores e orientadoras e equipos docentes, así como ás familias, relacionadas coa diversidade sexual, facendo especial referencia ao coñecemento da realidade transexual.
- ▶ Fomentar a dispoñibilidade nas bibliotecas dos centros educativos dun catálogo de libros, manuais e material audiovisual que inclúa a temática da diversidade sexual, que se adecúen á finalidade do respecto e a dignidade para a ampla diversidade que existe dentro do seo da condición humana.
- ▶ A través da Rede de Servizo de Formación Permanente do Profesorado facilitarase a realización de accións formativas tendentes á difusión e concienciación sobre a realidade das persoas trans, segundo se establece na normativa mencionada,

mediante a utilización de todos os recursos previstos no plan anual de formación do profesorado e con atención especial ás Escolas de Nais e Pais.

3.6 Medidas de prevención, detección e intervención ante posibles casos de discriminación, acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil por identidade de xénero

- ▶ Tal e como recolle a normativa na materia, os plans de convivencia dos centros recollerán o protocolo de prevención, detección e tratamento do acoso e do ciberacoso, e os procedementos para a corrección de condutas contrarias á convivencia, no que se inclúen as condutas de acoso, discriminación, violencia de xénero ou maltrato ao menor transexual. No caso de detectarse, **actuarase segundo o previsto nos ditos protocolos.**
- ▶ Cando se constate que o atentado contra a dignidade do/a menor foi por causas relacionadas coa súa identidade de xénero, aplicaranse as medidas correctoras correspondentes e, en particular, a expulsión de centro, temporal ou definitiva, da persoa infractora, como medidas correctoras asociadas ás condutas que vulneran a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa que teñen como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no sexo, orientación sexual ou identidade sexual, segundo se recolle no **artigo 124 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio**, de educación segundo a redacción dada pola **Lei 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa.
- ▶ Calquera membro da comunidade escolar que teña coñecemento ou sospeita dunha situación de acoso escolar, violencia de xénero ou maltrato infantil de calquera alumno ou alumna, por identidade de xénero dentro do centro escolar, ten a **obriga de**

poñelo en coñecemento dos responsables do centro segundo os procedementos que cada centro estableza no seu plan de convivencia.

- ▶ Naqueles casos nos que, a causa da actitude da familia, dun ou de ambos proxenitores, cara á identidade de xénero do alumno ou da alumna, se detecten indicios de non respecto da identidade sexual do ou da menor, que poidan supoñer unha situación de maltrato, ao obxecto de garantir o interese superior do menor, actuarase segundo os **protocolos establecidos polos servizos de asistencia e protección de menores**.

4. REFERENCIA NORMATIVA

- ▶ Constitución española de 1978.
- ▶ Declaración universal sobre dereitos humanos, Declaración dos dereitos da infancia e Convención sobre os dereitos da infancia.
- ▶ Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.
- ▶ Directiva 200/78/CE do Consello, do 27 de novembro de 2000.
- ▶ Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social.
- ▶ Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación rexistral da mención relativa ao sexo das persoas.
- ▶ Lei 2/2006, do 14 de xuño, de dereito civil de Galicia.
- ▶ Principios de Yogyakarta.
- ▶ Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- ▶ Lei orgánica 2/2006, do 3 maio, de educación coas modificacións previstas pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- ▶ Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.
- ▶ Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

- ▶ Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.
- ▶ Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar.
- ▶ Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia.


5. BIBLIOGRAFÍA E LIGAZÓNS DE INTERESE

- ▶ <https://www.youtube.com/watch?v=UEpi5VPJmQ>
- ▶ <https://www.youtube.com/watch?v=Cf79KXBCIDg>
- ▶ Guía didáctica “Somos como somos: 12 inclusiones, 12 transformaciones”, CCOO Enseñanza.
- ▶ Guía “Abrazar la diversidad: propuesta para una educación libre de acoso homofóbico y transfóbico”. Ministerio de Sanidad, Servicios Sociales e Igualdad.
- ▶ “Acoso escolar (y riesgo de suicidio) por orientación sexual e identidad de género: Fracaso del Sistema educativo.” Madrid, FELGTB.
- ▶ PLATERO, L. (2014). Trans*exualidades: acompañamiento, factores de salud y recursos educativos. Barcelona. Ediciones Bellaterra. *Libro de referencia que dispón información de calidade e testemuñas directas de familias e menores trans e fichas didácticas que pode utilizar o profesorado de maneira práctica nas aulas.
- ▶ LÓPEZ SÁNCHEZ, F. (2013a) Identidad sexual y orientación del deseo en la infancia y adolescencia. En AEPap ed. Curso de Actualización Pediatría.
- ▶ LÓPEZ SÁNCHEZ, F. (2013b) Identidad del yo, identidades sexuales y de género. En MORENO Y PUCHE. Transexualidad, adolescencias y educación.
- ▶ “Guía para madres y padres de infancia con roles y comportamientos de género no normativos”. (2013) Barcelona, AMPGYL.

- ▶ MORENO, O. y PUCHE, L. (2013) *Transexualidad, adolescencias y educación: miradas multidisciplinares*. Madrid, Egales Editorial.
- ▶ PUCHE, L., MORENO, E. y PICHARDO, J. I. (2013) *Adolescentes transexuales en la escuela. Aproximación cualitativa y propuesta de intervención desde la perspectiva antropológica*. En MORENO Y PUCHE. *Transexualidad, adolescencias y educación*.
- ▶ “Transexualidades. Otras miradas posibles”. (2012) Barcelona-Madrid, Egales.
- ▶ MARTÍNEZ VÁZQUEZ DE CASTRO, L. (2010) *El principio de libre desarrollo de la personalidad*. Navarra, Civitas.
- ▶ SUESS, Amets (2011) *Despatologización trans y práctica arteterapéutica*. *Arte y Políticas de Identidad* (4), pp. 63-80.
- ▶ PLATERO, L. y GÓMEZ, E. (2007) *Herramientas para combatir el bullying homofóbico*. Madrid, Talasa.
- ▶ GÓMEZ GIL, E. y ESTEVA DE ANTONIO, I. (2006) *Ser transexual*. Barcelona, Editorial Glosa.
- ▶ CANO, G., ESTEVA, I. y BERGERO, T. (2006) *Reflexiones psicológicas sobre el proceso transexual*.
- ▶ BECERRA, A. (2003) *Transexualidad: la búsqueda de una identidad*. Madrid, Díaz de Santos.
- ▶ RAMOS, Juana y ORELLANA, L. (2006) *Juana Ramos, mujer transexual*. *Riff Raff*, pp. 107-128.
- ▶ MARTÍN ROMERO, D. (2004) *La transexualidad, diversidad de una realidad*. Madrid, Consejería de Familia y Asuntos Sociales.

- ▶ FAUSTO-STERLING, A. (1998) Los cinco sexos. En NIETO. Transexualidad, transgenerismo y cultura.
- ▶ GARCÍA RUIZ, M. (2007) Transexualidad: situación actual y retos de futuro. Asturias, Conseyu de la Moceda.

galicia



www.educonvives.gal

PROTOCOLO
EDUCATIVO PARA
GARANTIR A
IGUALDADE, A
NON
DISCRIMINACIÓN
E A LIBERDADE
DE **IDENTIDADE**
DE XÉNERO



XUNTA
DE GALICIA